



ELECCIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO 9 DE XUÑO DE 2024

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE CHANTADA

Anuncio

D^a OLGA PEDREIRA FERREÑO, SECRETARIA DA XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE CHANTADA (LUGO) DOU FE:

Que a Xunta Electoral de Zona de Chantada, en relación as Eleccións Europeas previstas para o vindeiro domingo 9 de xuño de 2024 -convocadas a medio de Real Decreto 363/2024, de 9 de abril, polo que se convocan eleccións de deputados e deputadas ao Parlamento Europeo publicado no BOE do 16 de abril de 2024 -, procedeu no día de onte 6 de maio a acordar a a modificación da composición ca que se constituíu inicialmente debida a renuncia do anterior presidente don Alfredo Fondevila Martínez, por causa xustificada nomeándose a dona María Yanet Puga Pérez presidenta dende ese momento.

Dato que se pon en coñecemento do público en xeral, en cumprimento do disposto no art. 14.3 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Chantada, 7 de maio de 2024.- A Secretaria, D^a Olga Pedreira Ferreño.

R. 1333

CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións ao expediente de modificación/corrección de erros da Relación de Postos de Traballo, aprobado inicialmente en sesión ordinaria celebrada con data 21 de marzo de 2024 polo Pleno municipal, o expediente considérase definitivamente aprobado, resultando corrixido o erro advertido no documento de modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Carballedo definitivamente aprobado e publicado no BOP de Lugo con data 29 de decembro de 2023, aos efectos de incluír, entre os postos que modifican as súas características, o posto de Administrativo codificado co número 1003, nos termos seguintes:

1003 Administrativo. Modificación do modo de acceso a este posto para reservalo a promoción interna

PERSOAL FUNCIONARIO

COD.	POSTO	DOT	CD	CE	FP	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	OBSERVACIÓNS
1003	Administrativo	1	22	9.783,22€	C	C1	Administración Xeral	Administrativa	Promoción interna

Carballedo, 8 de maio de 2024.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1320

Anuncio

Con data 31 de xaneiro de 2023 o Concello de Carballedo resolveu anular as Bases específicas aprobadas para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Carballedo en unha (1) praza denominada educador/a familiar, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na oferta de emprego para o ano 2022 (bop núm. 119 de 26 de maio de 2022) e publicadas no BOP Núm. 278 de 5 de decembro de 2022.

De conformidade co disposto na devandita Resolución, a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada con data 25 de abril de 2024, acordou aprobar e publicar unhas novas bases específicas e a correspondente convocatoria de probas selectivas para a cobertura da devandita praza de persoal laboral fixo de Educación familiar.

O prazo de presentación de instancias será de vinte (20) días naturais a contar dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE CARBALLEDO EN UNHA (1) PRAZA DENOMINADA EDUCADOR/A FAMILIAR, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 119 DE 26 DE MAIO DE 2022) NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DA 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que convoque o Concello de Carballedo, aos que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 (BOP núm. 119 do 26.05.2022), cota xeral ou cota persoas con capacidades diferentes, polo sistema de concurso, acceso libre.

2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 1

Denominación da praza	Clasificación	Grupo/Subgrupo	Denominación do posto
Educador/a familia	Escala de administración especial, subescala técnica,	II	Educador/a familiar

3. RETRIBUCIÓNS

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas aspirantes seleccionadas atópanse vacantes e dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Carballedo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1. Titulación académica

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS
Mestre ou grao en unha titulación que habilite para o exercicio da profesión de mestre en educación infantil, primaria ou diplomado en educación social, ou primer ciclo da titulación de licenciatura en pedagogía da titulación de licenciado en psicoloxía ou da titulación de licenciado en psicopedagogía, ou graduado en unha titulación da rama de ciencias sociais e xurídicas ou da rama de ciencias da saúde equivalente a calquera das anteriores

5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 4

3. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

A articulación do concurso está recollida na base xeral 10.2.

Carballedo, 8 de maio de 2024.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1321

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN URXENTE DE PSICÓLOGO/A CLÍNICO DO CONCELLO DEMONFORTE

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de abril do 2024 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 10 de maio de 2024.- O ALCALDE, José Tome Roca.

R. 1344

AS NOGAIS

Anuncio

De acordo coa resolución de Alcaldía ditada o día 8 de maio de 2024, nº2024-0139, aprobáronse as bases específicas para a selección mediante o sistema de **concurso-oposición** posterior contratación de catro persoas para os postos de **peón de obras públicas (4)**, ao abeiro do Plan Único de Cooperación dos Concellos 2024, da Deputación Provincial de Lugo (Reforzo do Emprego).

Duración do Contrato: Cinco meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes á publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas **bases específicas** da convocatoria que poderán ser consultadas na páxina web www.concelloasnogais.es e no **taboleiro de edictos** do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está **exento de taxas**.

As Nogais, 8 de maio de 2024- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1322

VIVEIRO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 8 de maio de 2024, o expediente de modificación do vixente orzamento 2022 prorrogado ao 2024, na modalidade de suplemento de crédito, en cumprimento do disposto no artigo 38 do RD 500/1990 e por remisión o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mesmo texto normativo.

Viveiro, 9 maio de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1334

XOVE

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos número 3/2024

Tendo sido aprobado polo Pleno deste Concello o Expediente de Modificación de Créditos nº 3/2024 de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, por acordo adoptado en sesión celebrada o 8 de abril de 2.024, non tendo sido presentada ningunha reclamación ao mesmo, dando cumprimento ao que dispón o artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, faise público que dito expediente ascende a QUINIENTOS CORENTA E CINCO MIL TRESCENTOS CINCUENTA EUROS (545.350,00 €) quedando o Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento Xeral para 2.024 como de seguido se reflicte:

ESTADO DE GASTOS

<u>CAPÍTULO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	3.649.323,00
2	Gastos en bens correntes e servicios	3.390.470,00
3	Gastos financeiros	2.600,00
4	Transferencias correntes	519.700,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	1.553.184,71
	TOTAL GASTOS	<u>9.115.277,71</u>

ESTADO DE INGRESOS

<u>CAPÍTULO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	3.940.000,00
2	Impostos indirectos	1.620.000,00
3	Taxas e outros ingresos	579.000,00
4	Transferencias correntes	1.701.823,00
5	Ingresos patrimoniais	220.700,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
7	Transferencias de capital	411.274,83
8	Activos financeiros	642.479,88
	TOTAL INGRESOS	<u>9.115.277,71</u>

Segundo dispón o artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo Texto Refundido, contra este Expediente poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Xove, 7 de maio de 2024.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R.1324
